



RESOLUCIÓN DECLARANDO DESERTO O PROCESO SELECTIVO POLA QUENDA LIBRE MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO CONVOCADO POLO CONCELLO DE CALDAS DE REIS PARA CUBRIR PRAZA DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (PRAZA POR CONCURSO DA DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021) INCLUÍDA NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022: DIRECTOR/A DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

Expediente 2873/2022

Antecedentes

-Bases que rexen os procesos extraordinarios de estabilización previstos na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para cubrir as prazas correspondentes á Oferta de Emprego Público Extraordinario para a estabilización do emprego público temporal deste Concello aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de decembro de 2022, e publicadas no BOP nº 244, de 23 de decembro de 2022.

-Resolución da Alcaldía de 21 de xuño de 2024 pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo extraordinario para a cobertura en propiedade da praza de director/a da Escola Municipal de Música polo sistema de concurso da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicada no BOP nº 126, de 28 de xuño de 2024.

-Acta do o tribunal cualificador do proceso selectivo celebrada o 3 de xullo de 2024, de baremación provisional do concurso. De conformidade coa base 10.3. “Publicación e Período de alegacións” da convocatoria, o resultado do concurso publicouse na sede electrónica do Concello de Caldas de Reis e no taboleiro de anuncios da Entidade, o 3 de xullo de 2024, aos efectos de que as persoas aspirantes dispuxeran dun prazo de tres (3) días hábiles, dende o seguinte á publicación dos resultados do baremo de méritos na sede electrónica do Concello de Caldas de Reis, para presentar alegacións.

-Alegación presentada por Dº Miguel Emilio Santalices Blanco o 8 de xullo de 2024, rexistro de entrada nº 1512.

-Acta do tribunal cualificador do proceso selectivo celebrada o 24 de xullo de 2024, de resolución de alegacións e baremación definitiva do concurso, na que se aproba:

1º desestimar as alegacións presentadas por Miguel Emilio Santalices Blanco, por canto, de conformidade co establecido na base reguladora do proceso selectivo 10.1:

“Os méritos a valorar serán os que figuran relacionados na solicitude de participación, acreditados documentalmentemente tal e como se indica en cada un dos apartados do Baremo.

Os méritos que non figuren relacionados na solicitude ou non acreditados como se establece nas bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

Os requisitos, méritos e calquera outros datos alegados polos/as solicitantes deberán estar referidos á data de terminación do prazo de presentación de solicitudes.

10.2 Méritos a valorar:

A) **EXPERIENCIA PROFESIONAL...**

Forma de acreditar a experiencia:

Informe de vida laboral actualizado e certificación do secretario/a da Administración Pública correspondente que acredite a denominación da praza/posto/emprego, réxime xurídico, tipo de vinculación coa Entidade, grupo/subgrupo ou titulación académica esixida no proceso selectivo e tempo de servizos prestados.

B) **FORMACIÓN...**

a) Pola realización de cursos de formación e perfeccionamento outorgarase un máximo de 40 puntos.



Esta puntuación outorgarase da seguinte forma:

2,50 puntos por cada curso recibido dunha duración igual ou superior a 15 horas, acreditando unicamente formación.

5,00 puntos por cada curso recibido dunha duración igual ou superior a 15 horas, acreditando aproveitamento.

2º A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria urxente de 19 de decembro de 2022 aprobou as Bases xerais que regulan, xunto coas bases específicas, os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no concello de Caldas de Reis incluídas na oferta de emprego público do ano 2022-taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª da lei 20/2021), sistema concurso, acceso libre, que foron aprobadas na Mesa de Negociación cos representantes sindicais, celebrada o 14 de decembro de 2022, con publicación no BOP de Pontevedra nº 244, de 23 de decembro de 2022.

Xa que logo, non é competencia deste Tribunal Cualificador esclareza en que precepto de que norma vixente se basea a distinta valoración establecida no apartado B da base xeral 10.2 entre cursos que acreditan aproveitamento e cursos que acreditan formación, pois o Tribunal está suxeito a aplicación das bases reguladoras, que non foron obxecto de recurso administrativo nin contencioso.

3º Corrixir o erro aritmético na baremación da experiencia profesional do candidato Miguel Emilio Santalices Blanco, pois lle corresponde unha valoración de 22,185 puntos no apartado de experiencia e unha puntuación total de 29,685 puntos.

4º Con base no exposto, procede o outorgamento e publicación das valoracións definitivas do concurso, obténdose o seguinte resultado:

BAREMACIÓN DEFINITIVA DO CONCURSO DE MÉRITOS

Unha (1) praza de Director/a da Escola Municipal de Música, enmarcada no grupo A de titulación, subgrupo A2. Grupo profesional II:

CANDIDATOS/AS	PUNTUACIÓN TOTAL EXPERIENCIA	PUNTUACIÓN TOTAL FORMACIÓN	PUNTUACIÓN FINAL
Fernández Loureiro, Mónica	6,12	15	21,12 puntos
Piñeiro Fernández, José Juan	2,55	12,5	15,05 puntos
Santalices Blanco Miguel Emilio	22,185	7,5	29,685 puntos

5º De conformidade coa base 11 non procede aprobar a listaxe definitiva de persoas seleccionadas por orde de puntuación, nin se propón a contratación de ningún aspirante, por non acadar ningún deles a puntuación mínima para superar o concurso de 30 puntos.

6º Publicar os acordos do Tribunal na sede electrónica do Concello de Caldas de Reis, e no taboleiro de anuncios da Entidade. “

-Anuncios de publicación dos acordos do Tribunal na sede electrónica do Concello de Caldas de Reis, e no taboleiro de anuncios da Entidade, dende o 24 de xullo de 2024.





-Recurso de alzada presentado por Dº Miguel Emilio Santalices Blanco o 25 de agosto de 2024, rexistro de entrada nº1890

-Informe do tribunal avaliador, de 5 de setembro de 2024, ao recurso de alzada interposto polo aspirante Miguel Emilio Santalices Blanco.

-Informe da técnica de persoal municipal.

-Decreto da Alcaldía de 6 de setembro de 2024 polo que se resolve

1º. - Desestimar todas as pretensións formuladas polo recorrente no recurso de alzada presentado por Dº Miguel Emilio Santalices Blanco o 25 de agosto de 2024, rexistro de entrada nº 1890, con base nos fundamentos xurídicos expostos nos antecedentes da presente resolución.

2º Desestimar a petición da suspensión do procedemento, pola ausencia da concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 117 da. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

3º Notificar a resolución ao recorrente con indicación dos recursos que contra a mesma sexan procedentes.

Con bases nos antecedentes e fundamentos expostos, RESOLVO

1º Declarar deserta a convocatoria para a cobertura por concurso, en quenda libre, de unha (1) praza de Director/a da Escola Municipal de Música, enmarcada no grupo A de titulación, subgrupo A2. Grupo profesional II, por non acadar ningún dos aspirantes a puntuación mínima para superar o concurso de 30 puntos.

2º.- Publicar anuncio da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e, na sede electrónica do Concello de Caldas de Reis e no taboleiro de anuncios municipal.

Caldas de Reis,

O Alcalde

Documento datado e asinado á marxe.

